

MEMORIA DE ACTIVIDADE 2017

Misión, valores e principios da nosa asociación.

A Asociación Penitenciaria Concepción Arenal nace en 1989 dende a Comisión Provincial de Asistencia Social; formada por representantes do entón Ministerio de Xustiza, Xunta de Galicia, Concello de Lugo, Deputación Provincial de Lugo, Colexio Oficial de Traballadores Sociais de Galicia, SEPE e Instituciones Penitenciarias, entre outros. No seu momento, dita Comisión é dependente da Dirección Xeral de Institucións Penitenciarias, dacordo co artigo 75.2 de la Ley Orgánica 1/1979 de 26 de setembro, Xeral Penitenciaria; e ten como obxectivo conseguir a colaboración de modo permanente para o estudo da problemática penitenciaria, e, en especial, para o tratamento das persoas liberadas dos centros penitenciarios da provincia lucense.

Dende o nacemento de APCA, en 1989, os seus fins sempre foron: a) estudar a problemática penitenciaria; b) promover actividades que teñan como fin o estudio da delincuencia e a reinserción de ex-internos/as; c) colaborar cos organismos competentes no tratamento e a asistencia ós liberados/as condicionais e definitivos/as; d) traballar pola prevención, formación e sensibilización sobre o colectivo e; e) lograr a inserción socio-laboral das persoas sometidas a procesos xudiciais -con especial dedicación a persoas liberadas de prisión- e as súas familias.

Cabe destacar que durante o ano 2011 desde o Ministerio do Interior concedéronos a Medalla de Prata ao Mérito Social e Penitenciario pola labor levada a cabo pola asociación durante todos estes anos de dedicación.

Actividades realizadas durante o ano

XXXI Xornadas Penitenciarias Lucenses

Dende a Asociación Penitenciaria Concepción Arenal levamos 30 anos organizando as Xornadas Penitenciarias Lucenses. En cada edición trátase un tema de actualidade o cal xerara repercusión e interese social. Para iso poñémonos en contacto con expertos na materia a nivel nacional co fin de que compartan cos/as asistentes ao acto os seus coñecementos e experiencia.

Na pasada edición, mantendo a tradición, pensamos que podería ser do interese da nosa comunidade un tema que nos últimos anos tivo un forte desenvolvemento teórico- práctico debido, entre outros factores, á gran dificultade que supón a súa detección e abordaxe, e a sensibilidade social que espertou xa que cada vez afecta a un maior número de poboación no nosos país; este é: Educación en prisión.

As temáticas foron variado ano tras ano, e con elas os profesionais que acudiron tanto de poñentes como de participantes, e a media de persoas interesadas en asistir foi aumentando paulatinamente hasta chegar a unha media de 110 persoas. Porén este ano chegaronse a alcanzar as 150 persoas inscritas.

Cómpre destacar que a maiores dos relatorios dos profesionais, tamén se realiza a entrega das Medallas Concepción Arenal, outorgadas a personalidades destacadas en relación á temática penitenciaria.

Como aconteceu en anos anteriores, as xornadas foron subvencionadas exclusivamente pola Área de Servizos Sociais do Concello de Lugo.

Os obxectivos a acadar coa realización das Xornadas Penitenciarias Lucenses son:

- A coordinación das distintas institucións con competencias na temática a tratar.
- Mellorar a eficacia da intervención coas vítimas.
- Mellorar o tratamento dos penados por este tipo de delitos.
- Prevención dos delitos informáticos en menores.
- Informar sobre o tema a profesionais do eido social, penal e penitenciario.
- Sensibilización da comunidade.

RIL LUGO: ReInserción Laboral Lugo

A provincia de Lugo conta con unha poboación aproximada de 300.000 habitantes e non obstante ten situados dous centros penitenciarios cunha poboación reclusa en torno ás 2000 persoas. Como vemos é unha porcentaxe de poboación reclusa moi elevada en comparación co número de habitantes da provincia.

Este programa, subvencionado pola Deputación de Lugo, céntrase na problemática que supón para unha persoa que sae do cárcere a busca activa de emprego, xa que nestes tempos de crise é moi difícil atopar traballo e máis para as persoas nesta situación.

A falta de traballo repercute de xeito negativo na reinserción social deste colectivo, afectando á autoestima e favorecendo a exclusión social. Así, o proceso de reinserción na sociedade está cada vez máis lonxe destas persoas, véndose en moitas ocasións obrigadas a sobrevivir en malas condicións ou abocadas á delincuencia de novo.

Neste programa implícase a toda á poboación de Lugo no proceso de reinserción, especialmente ao tecido empresarial traballando na concienciación da responsabilidade social corporativa e nos posibles beneficios económicos pola contratación do colectivo que se atopa en risco de exclusión social.

Ao longo do programa estase a traballar cos usuarios/as derivados/as do Servicio de Xestión de Penas e Medidas Alternativas, dos centros penitenciarios e doutras entidades públicas e privadas que están en contacto con exreclusos/as. Deste xeito se programa unha intervención centrada nas capacidades e aptitudes, na formación e búscase a mellor opción empresarial/ formativa para iniciar o proceso de inserción laboral.

Por outra banda estamos a contactar co tecido empresarial en función das características dos nosos usuarios/as, para unha adecuación do posto de traballo e facendo un proceso de seguimento da incorporación laboral.

O programa RIL Lugo está orientado á reinserción laboral do colectivo penitenciario, facendo fincapé na Responsabilidade Social Corporativa do tecido empresarial de Lugo á vez que se traballa cos usuarios/as nas súas capacidades, carencias, formación...etc. elaborando un itinerario de inserción sociolaboral persoal.

É importante traballar a sensibilización social para co colectivo penitenciario xa que é difícil que teñan a confianza por parte do tecido empresarial e tamén por parte da sociedade en xeral.

O delito é considerado un dano a toda a sociedade, aínda que non sexamos vítimas directas, indirectamente atopámonos afectados/as. Por iso é difícil que a sociedade tome consciencia de que este colectivo ten unha problemática de base que na maioría dos casos esta está relacionada cos vínculos sociais e familiares.

O traballo por concienciar á sociedade é o máis difícil de facer, xa que custa ver as persoas pertencentes a este colectivo como persoas vulnerables. Neste caso, é máis doado que se perciban como un perigo. Deste xeito, dende a asociación, tratamos de incidir nestas cuestións para conseguir un proceso de reinserción pleno.

“Atención integral a mulleres afectadas por procesos xudiciais.”

A base na que está fundamentada o desenvolvemento deste programa, subvencionado pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia e cofinanciada polo Fondo Social Europeo, é o concepto de identidade de xénero.

Ó nacer somos clasificados en dous grandes grupos tendo en conta as nosas características biolóxicas: nenos e nenas. Esta división biolóxica non ten inherente diferencias condutuais, actitudinais, normativas ou de roles. Todo isto último é froito dunha asignación social.

A construcións da identidade de xénero é un proceso subxectivo pero que se desenvolve a través da interacción social. Debido a ser unha formación subxectiva cada persoa desenvolve un sentido propio do masculino e do feminino.

Por medio da aprendizaxe de estereotipos e prexuizos asociados a cada xénero, desenvólense crenzas, valores e actitudes que determinan se alguén é un bo home ou unha boa muller. Ditos estereotipos mantéñense grazas ó reforzo social, mais non so iso, senón que conta con mecanismos de mantemento propios que dificultan a súa modificación. A identidade de xénero dunha persoa chega a interiorizarse de tal maneira que dificulta o seu cuestionamento e análise.

A formación da identidade de xénero feminina tradicional implica interiorizar que o sentido da vida dunha muller está fundamentado no coidado dos demais. Esta crenza dificulta en gran medida a formación do “Eu” individual o que imposibilita unha

axeitada construción da autonomía persoal, esencial para a saúde psicolóxica o benestar integral de calquera ser humano.

Nos últimos anos producíronse cambios sociais que exigen unha revisión dos valores , crenzas e actitudes asociadas cunha identidade de xénero tradicional. Así as mulleres contemporáneas adoitan ter unha concepción tradicional e o mesmo tempo moderna de xénero. Isto xera un conflito interno que se evidencia mediante sintomatoloxía de tipo neurótica.

O tratamento que nós imos facer do concepto de identidade de xénero vai ser dende o pragmatismo, deixando de lado cuestións ideolóxicas.

A intervención no campo da identidade feminina desenvólvese dentro das diferentes actuacións que compoñen este programa. E cada servizo especializado está dirixido por profesionais competentes na materia.

Un principio básico deste programa é o de dar unha cobertura asistencial completa a reclusas, exreclusas e a mulleres familiares de internos. Tamén colaborar con Institucións Penitenciarias na reinserción social de mulleres en situación de pena privativa de liberdade ou que teñan cumprido condena. E por último, ser referencia de apoio daquelas mulleres sobre as que recae a responsabilidade de atención e asistencia de familiares en prisión.

Obxectivos específicos:

- Satisfacer as inquedanzas ou dúbidas que as usuarias poidan ter acerca do proceso xurídico ou penal no que directa ou indirectamente se atopan inmersas.
- Ofrecer asesoramento sobre os recursos persoais e sociais ós que puidesen acceder, así como informar dos organismos e servizos facilitadores.
- Promover unha boa saúde psicolóxica baseada na formación dunha axeita autoestima.
- Desenvolvemento da individualidade e a autonomía a través do cuestionamento e análise dos condicionamentos de xénero.
- Dotar ás usuarias das habilidades necesarias para unha boa funcionalidade social.
- Lograr a reinserción laboral das usuarias que estean en situación de busca de emprego.

Este programa está deseñado para atender de xeito integral ás necesidades de todas aquelas mulleres que, directa ou indirectamente están a pasar ou teñen pasado por un proceso xudicial ou de cumprimento de pena de privación de liberdade.

- Reclusas.
- Exreclusas.
- Mulleres sobre as que recae a responsabilidade de dar atención e apoio a familiares que están ou teñen estado condenados a penas privativas de liberdade.

Non debemos esquecer que dentro da poboación penitenciaría podemos atopar mulleres con características de vulnerabilidade engadidas á situación de privación de liberdade o que aumentaría en maior medida o risco de exclusión social. Mulleres inmigrantes ou pertencentes a minorías étnicas ou mulleres con problemas de drogodependencia, por exemplo, forman parte do sector poboacional co que traballamos.

“Encontros Familiares”

Os humanos dende o mesmo momento en que existimos interaccionamos coa nosa contorna. A nosa contorna inmediata é a familia, e a relación que se dá entre cada un dos seus membros co resto dos compoñentes da familia é unha relación de interdependencia.

A familia en si, debe cumprir funcións como grupo social. Desta maneira, cumpre funcións no eido biolóxico, educativo, económico, solidario, ademais do papel fundamental de protección.

A situación nunha familia no que o consumo de droga fai acto de presenza, vai variando co tempo e, por descontado, non é homoxénea en tódalas familias. A familia empeza a verse afectada moito antes de detectarse o consumo de drogas por parte dun membro da mesma. O comportamento do adicto vai empeorar a medida que os efectos perniciosos da droga vaian en aumento, e este feito provoca a correspondente reacción do resto da familia. Por suposto que aquí o estilo de afrontamento de cada individuo actuará ou non como factor de protección. Non todas as familias están preparadas para afrontar un problema de drogodependencia.

O consumo de drogas por parte dun membro da familia leva unha serie de consecuencias dentro do núcleo familiar, tales como o incremento das tensións familiares debido moitas veces ao descoñecemento sobre como actuar ante a problemática. Por outra banda, tamén é habitual que se deteriore a comunicación entre os membros da unidade familiar.

A problemática do consumo de sustancias tóxicas en moitos casos deriva no ingreso en prisión. Dende dentro o traballo para a adhesión ao tratamento é moi importante así como o apoio familiar para a continuidade do mesmo.

Moitas familias víronse desbordadas coa situación ou non souberon comprender a problemática da dependencia, e romperon as súas relacións coa persoa drogodependente co cal estes internos teñen máis dificultades á hora de iniciar ou continuar un tratamento de deshabitación.

Existen diversas formas de resolución de conflitos. Porén, hoxe en día coñecemos que unha das vías máis axeitadas para a resolución de conflitos é a que está baseada no diálogo. Utilizando ferramentas como a mediación conséguese reconducir o conflito e máis a súa resolución, obtendo beneficios tódalas partes implicadas. Así, facendo ós interesados participes de todo o proceso, obtéñense resultados máis sólidos que se manteñen mellor ó longo do tempo.

Na mediación son as partes as que tratan, coa participación dun terceiro imparcial e neutral, que é o mediador, motivando a participación das partes e intentando dar resposta ó problema que as mantén enfrontadas. Trátase de acadar un acordo que sexa aceptable para ambas partes. Nun proceso de mediación “todos gañan”.

O ser un proceso voluntario, existe predisposición positiva a traballar en común para chegar a acordos de forma pacífica. A mediación fai que diminúa o enfrontamento e xera unha menor tensión emocional e psicolóxica para ambas partes e outras persoas que puidesen estar implicadas, mellorando así a súa calidade de vida.

Dentro do sistema familiar, cando algún dos membros modifica as características do seu rol de forma brusca ou drástica, adoita a producirse unha situación de desadaptación e conflito. Por iso, os cambios que dende a intervención individualizada coas usuarias puidesen producir modificacións nos roles familiares, poderían ser introducidos na dinámica familiar de forma non conflictiva coa ferramenta da mediación familiar.

Polo tanto, dende a Asociación Penitenciaria Concepción Arenal coa colaboración das/os profesionais do centro penitenciario de Bonxe e Cruz Vermella realizamos un proceso de achegamento entre as familias e os internos a través do programa “Encontros familiares”. Primeiramente a través dun achegamento co interno para valorar a situación familiar e seguidamente coa familia a nivel individual. Despois dunha valoración da problemática xurdida na contorna familiar, planifícanse unhas liñas de actuación para traballar de forma conxunta, interno e familia, na sala de comunicacións do centro penitenciario de Bonxe.

Comezamos coa intervención individual cos internos interesados en participar no programa. Unha vez avaliada a problemática familiar contrastando a información obtida tanto co interno/a como coa súa familia, estruturouse a intervención conxunta en función das dinámicas propias de cada familia.

O obxectivo xeral a acadar con este programa é unha mellora da situación familiar das usuarias que teñen deteriorados os vínculos familiares ou cuxa funcionalidade familiar non contribúe o desenvolvemento dunha boa saúde psicolóxica, e que polo tanto tampouco ó benestar xeral dos seus membros.

Os obxectivos específicos son:

- Proporcionar ás familias a orientación e o apoio preciso para facer fronte de forma axeitada a unha situación de cambio.
- Potenciar habilidades de comunicación dentro do sistema familiar.
- Impulsar un cambio relacional positivo entre os membros da familia. .
- Facer da familia un entorno axeitado onde desenvolver unha boa saúde psicolóxica.

Facemos avaliacións de forma periódica que nos permiten detectar os aspectos fallidos da intervención, e así poder redirixir esta cara obxectivos máis realistas. Para realizar dita avaliación temos en conta tanto ós/ás usuarios/as os/as que vai dirixida a intervención como o resto de profesionais cos que imos traballar.

Servizo de Información e Orientación Social

A través deste servizo tratarase de estudar as diversas situacións de dificultade dos/as participantes e os obstáculos sociais que limitan o seu desenvolvemento como

individuo. Así mesmo, traballarase na xeración de cambios que axuden a satisfacer as necesidades específicas de cada usuario dende un enfoque biopsicosocial e de xénero; poñendo como elemento central de actuación o fomento da autonomía persoal e de prevención da violencia e/ou a explotación de diversa índole, co traballo de empoderamento do/a participante e o desenvolvemento de modelos condutuais que promovan a independencia na vida afectiva, familiar, económica e social.

O servizo de Traballo Social ocuparase das actuacións coas usuarias que estivesen a sufrir consecuencias derivadas de situacións carenciais ou de conflito, mediante a mobilización das súas capacidades e recursos e dende un tratamento que teña en conta os perfís propios e as necesidades específicas dos/as participantes; coa finalidade de axudar a que sexan capaces de satisfacer as súas necesidades individuais e sociais, permitíndolle trazar unhas expectativas realistas de futuro a medio e longo prazo.

Mediante as diferentes actuacións individuais e de conxunto para a adquisición de habilidades persoais e sociais, fomentarse o empoderamento mediante o traballo do autoconcepto e a autoestima, ao mesmo tempo que se mellora a empregabilidade dos/as participantes. Mellora que se completará coas correspondentes actuacións de orientación laboral (asesoramento, información e adestramento en determinadas habilidades: preparación da entrevista de selección, elaboración do currículo vitae, procura de ofertas de emprego, etc.) para os/as participantes en fase de inserción ou reinserción laboral.

O/A destinatario/a do proxecto, recibirá a información, orientación e asesoramento necesario sobre os recursos dispoñibles en materia de vivenda, economía, educación, emprego, saúde, etc.; así como o apoio directo derivado das relacións establecidas pola asociación coas/os profesionais dos diferentes organismos, servizos e entidades que colaboren na procura da súa integración socio-laboral.

Por outra banda, traballarase para evitar a aparición de factores causais que xeran dinámicas de marxinação, mediante accións e intervencións específicas en orde á prevención de situacións estruturais de exclusión social motivadas entre outros por adscrición de xénero.

O desenvolvemento do proxecto levarase a cabo mediante a implementación de plans de actuación específicos segundo o perfil de cada participante, considerando o/a participante -no caso de que estea en situación de privación da liberdade- non só como receptora dun castigo penal pola transgresión das normas sociais, senón tamén como

vítima dunha situación de desvantaxe social; impoñéndose a necesidade de ir establecendo aquelas estratexias e plans de intervención social que minoren os efectos de discriminación negativa e tendo ao acompañamento social como fío condutor da intervención co/coa participante e o seu sistema familiar.

Intervención psicolóxica.

A asociación pon a disposición dos/as usuarios/as un servizo de asesoramento psicolóxico individualizado. Este asesoramento deséñase como un proceso de axuda profesional que se solicita ante unha situación de incertidume, dificultade ou de crise respecto a certas condicións persoais, familiares e sociais. Os/as usuarios/as acoden ó servizo ante unha situación do momento presente que lles resulte complexa de resolver por si solas.

Estas son situación que nos fan sentir mal, sen saber que podemos facer para saír delas ou facerlles fronte dunha forma axeitada. Nestes casos, é favorable a axuda dun profesional que nos achegue diferentes estratexias para solucionar as situación que afectan a nosa relación tanto co entorno e as demais persoas, como con nós mesmos.

No asesoramento prestado pola psicóloga trátanse fundamentalmente problemas relacionados coa vida actual dos/as usuario/as, mentres que a psicoterapia céntrase en problemas que teñen unha raíz máis profunda e que están relacionados con experiencias xa vividas.

Deste xeito a psicóloga pretende axudar ós/ás usuarios/as a clarificar, recoñecer e aceptar as emocións conflitivas espertadas polas circunstancias perturbadoras que están a vivir, respectando o dereito de cada un/unha a tomar decisión co seu propio sistema de valores, recursos persoais e capacidade de autodeterminación.

O obxectivo está no desenvolvemento individual dos/as usuarios/as no propio contexto de vida, aumentando a autonomía de cada un/unha respecto do seu ambiente social, profesional e cultural. Proporcionaranse ferramentas que permitan un axeitado afrontamento de situación difíciles, a través da análise de cales son as necesidades e cales son os recursos persoais e sociais da súa contorna que se poden mobilizar.

Así mesmo, co fin da execución dun programa destinado exclusivamente a atención das necesidades das nosas usuarias, desenvolvimos un plan de intervención

para traballar coas nosas usuarias os conceptos de autoestima e de identidade de xénero, xa que ambos son base dunha boa saúde psicolóxica e benestar emocional.

Trátase de promover unha boa saúde psicolóxica baseada na formación dunha axeita autoestima. Traballase cara o desenvolvemento da individualidade e a autonomía a través do cuestionamento e análise dos esquemas de pensamento e dos condicionamentos sociais e de xénero.

Obxectivos específicos:

- Fomentar o autoconecemento.
- Conseguir unha maior autoafirmación.
- Afrontamento da responsabilidade do cambio persoal.
- Xestionar correctamente o sentimento de culpa.
- Buscar a realización persoal e individual dos/as usuarios/as.
- Promover unha actitude crítica ante os estereotipos de xénero.

Formación

Dentro das actuacións que realiza a asociación, investimos especiais esforzos na busca de financiamento e na organización de cursos ou talleres formativos.

Co obxectivo de favorecer accións de capacitación persoal para a mellora da empregabilidade de persoas en risco de exclusión social, para o curso 2016/2017 organizáronse diferentes actividades formativas. Algunhas desas actuacións foron subvencionadas ao abeiro da Orde do 26 de abril de 2016 pola que se establecen as bases que rexen a concesión de subvencións plurianuais a entidades de iniciativa social para a promoción de actividades de servizos sociais comunitarios e inclusión social.

Tentamos apoiar ou reforzar a aquelas persoas que precisen dun acompañamento técnico que facilite e/ou posibilite a súa inclusión social e laboral; tendo por obxecto tanto a adquisición de habilidades e destrezas como a formación básica e de tipo laboral específica e adaptada ás súas necesidades, ou como a preparación para a avaliación das competencias clave exixibles para o acceso normalizado á formación e cualificación profesional.

No que levemos de ano, xa temos realizado dous cursos formativos:

-Curso de “*Atención socio-sanitaria a persoas no domicilio*”: O obxectivo é que os/as participantes adquiren os coñecementos precisos para axudar no ámbito

domiciliario a persoas con especiais necesidades de saúde física, psíquica e sociais; aplicando as estratexias e procedementos máis axeitados para manter e mellorar a súa autonomía persoal e a súa relación co entorno. No curso participaron 15 persoas. A duración dos módulos teóricos foi de 45 horas e, ademais, os/as participantes realizaron 32 horas de prácticas en empresa.

-Curso de “Limpeza de edificios e locais”: O obxectivo principal deste curso formativo é o de dotar aos/as beneficiarios/as de coñecementos sobre limpeza industrial coa finalidade de completar con formación específica o seu itinerario laboral de xeito que definan e consoliden o posto de traballo. No curso participaron 15 persoas. A duración dos módulos teóricos foi de 45 horas e, ademais, os/as participantes realizaron 32 horas de prácticas en empresa.

Programa de Voluntariado.

Dende os inicios da creación da Asociación sempre se contou coa colaboración de persoas voluntarias, como por exemplo os membros da xunta directiva, ofrecendo o seu tempo e profesionalidade para a atención dos/as usuarios/as e o crecemento da asociación.

A partir da contratación de profesionais técnicos/as que se encargan da elaboración e xestión dos proxectos da asociación, o traballo da xunta directiva viuse máis involucrado coa representación a nivel institucional mais sen deixar de lado nunca o trato directo cos usuarios.

Debido o considerable aumento do número de persoas que requiren dos nosos servizos, tivemos a necesidade de incorporar a voluntarios con certo nivel de profesionalidade e competentes na materia para apoiar a execución dos programas de acordo cos fins da entidade. A incorporación de persoal voluntario axuda a completar as accións de intervención cos usuarios para, a través dos recursos que ofrecemos (actividades, acompañamentos, talleres, aprendizaxe, etc), acadar a súa correcta reinserción na comunidade.

Tendo en conta que moitos dos nosos/as usuarios/as son persoas con escasos recursos persoais, en ocasións é necesario ademais de darlles a información e o apoio que precisan, axudarlles naquelas tarefas que deberían facer persoalmente pero que debido a súa situación non son quen de levar a cabo de forma correcta ou nos tempos

previstos sen unha axeitada supervisión. Cumprimentar solicitudes ou o acompañamento en primeira instancia ás institucións/recursos en moitos casos é imprescindible. Darlles unha seguridade nestas situacións é unha acción susceptible de levarse a cabo por persoal voluntario; o que non desbota que toda esta actividade estea dirixida polas profesionais que conforman o equipo técnico da asociación, as cales fan un seguimento do proceso en todo momento.

Existen outras actividades como talleres de manualidades, de habilidades sociais ou informáticas. Todas elas pretenden a reinserción social a través da aprendizaxe e son exemplos de actividades que se levan a cabo coa colaboración de persoal voluntario.

Finalmente inclúense nas actividades de voluntariado aquelas excursións pola cidade ou provincia co obxectivo de coñecer o patrimonio, museos, praias...etc.

Todas as actividades teñen como referencia ás profesionais da nosa entidade para guiar, formar e seguir de preto o desenvolvemento das mesmas.

Proxecto de colaboración con AMEIS

A Asociación Magrebí para a Integración e Solidariedade (AMEIS) nace en 2015 co obxectivo de facilitar a correcta integración da comunidade magrebí dentro da comunidade autónoma de Galicia, ademais de promover a solidariedade entre persoas de diferentes culturas. Trátase dunha asociación laica que non persegue fins lucrativos.

Os principais fins da asociación son o estudo e resolución dos problemas habituais da poboación magrebí, a realización e promoción de actividades culturais e de ocio, o apoio os intereses comúns da comunidade e favorecer a convivencia entre culturas.

En abril de 2016 a citada asociación ponse en contacto coa Asociación Penitenciaria Concepción Arenal (APCA) para establecer unha relación de colaboración entre ambas entidades. Nese momento AMEIS é unha asociación en proceso de creación que non conta co persoal técnico necesario para dar asistencia ás persoas da comunidade magrebí que se atopan en risco de exclusión social. Así, APCA abre as portas da asociación a este colectivo poñendo a súa disposición o equipo técnico propio para traballar cos/coas usuarios/as que requiran dos nosos servizos.

Unha das nosas apostas máis importantes con este colectivo é a educación. Dotar ós/ás usuarios/as de coñecementos académicos e culturais e de valores constitucionais

básicos é nuclear para favorecer o bo desenvolvemento psicosocial do individuo. Deste xeito, unha vez establecidas as bases e dotado ó/a usuario/a coas ferramentas precisas, conseguir que a persoa continúe o proceso de crecemento persoal e inserción socio-laboral por si mesma.

Dende APCA préstase especial atención á problemática de xénero que sofren gran parte das nosas usuarias pertencentes a comunidade magrebí. O nosos traballo incide sobre este tema, promovendo a idea de igualdade de xénero en todas as actividades que organizamos. Máis non só traballamos esta cuestión coas usuarias, senón que a idea de igualdade e respecto cara a muller traballase principalmente cos usuarios de xénero masculino pertencentes á comunidade magrebí.

Finalmente, o nosos equipo técnico tamén colabora na creación e organización de AMEIS con presenza nas reunións e xuntas da asociación, achegando ideas e organizando actividades. Pero quizais a contribución de máis peso sexa a elaboración do proxecto de traballo da asociación para os próximos 5 anos. Unha vez recollidas as ideas de traballo transmitidas nas diferentes reunións, o equipo técnico de APCA estruturou e redactou o plan de actuación que AMEIS pensa seguir unha vez conte cos recursos precisos para poñelo en funcionamento.



Equipo Profesional

Persoal voluntario:

- **Membros da Xunta directiva**
Contacto con institucións; coordinación das xornadas penitenciarias; contacto con empresas; promoción de proxectos e actividades.
- **Outros/as voluntarios/as**
Axuda na elaboración de currículos; creación de listaxes de empresas; seguimento da busca activa de emprego dos/as usuarios/as; auxilio na execución de actividades.

Persoal contratado:

- **Auxiliar administrativo**
Tarefas administrativas de tódolos programas; xustificación de gastos; xestión de ingresos e pagos.
- **Xurista**
Servizo de asesoramento legal; información e orientación xurídica; tramitación de documentación relacionada.
- **Traballadora social**
Servizo de Información e Orientación social; asesoramento laboral; creación e xestión de proxectos; coordinación con institucións e entidades.
- **Psicóloga e Criminóloga**
Avaliación, asesoramento e intervención psicolóxica; mediación familiar; ventilación emocional; motivación ó cambio e modificación de conducta; autoestima; creación e xestión de programas.